

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 16 DE XUÑO DE 2014.

Asistentes:
Alcalde-Presidente:
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
Vocais:
D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro
D^a Cristina Iglesias Guerreiro
Secretario:
D. Luís M^a Fernández del Olmo

Interventora:
D^a Elena Santos Rey

Ausente:
D^a Ana María Abad López

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as once horas e trinta minutos do día dezaseis de xuño de dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 5 de xuño de 2014.

Por Secretaría dáse conta do erro de transcripción no punto D.1) donde debería figurar unha contía de 8.810,00 € para o Plan de Emprego Municipal de 2014, quedando do seguinte xeito:

D.1) PROPOSTA DE ALCALDÍA DE AMPLIACIÓN DE DOTACIÓN ORZAMENTARIA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 14 DE XANEIRO DE 2014 POLO QUE SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO DE CONCURRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIÓNS AO ABEIRO DO PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL (ANUALIDADE 2014).

Por Secretaría dáse conta da proposta de Alcaldía que se transcribe de seguido:

“Por Acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na súa sesión de 14 de xaneiro de 2014 aprobáronse as bases e a convocatoria para a concesión, mediante procedemento de concorrencia competitiva, de subvencións ao abeiro do Plan de Emprego Municipal, na súa anualidade de 2014.

A Base Terceira establece que contía máxima destinada ás axudas é de 60.000,00 € (partida 241.470 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal).

Asímesmo, establece que ao tratarse de un procedemento administrativo que non leva aparellado o esgotamento do crédito nun só acto de concesión senón que a súa disposición se realiza en actos sucesivos, e tal e como dispón o artigo 31.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no momento do esgotamento da partida orzamentaria asignada non poderán admitirse posteriores solicitudes destinadas a participar del, salvo que se recorra a un incremento do crédito orzamentario ou se recorra a unha nova convocatoria, do xeito establecido no artigo 31.2 da lei anterior.

Na data actual, dado o volume de solicitudes presentadas desta axuda e que non poden ser atendidas polo esgotamento do crédito inicialmente consignado, resulta necesario incrementar a dotación orzamentaria destinada a esta axuda.

Por todo o exposto propono á Xunta de Goberno Local:

- *Primeiro.- Ampliar a dotación orzamentaria asignada para a concesión das axudas económicas a conceder ao abeiro do Plan de Emprego Municipal, na súa anualidade de 2014, na contía de **8.810,00 euros**, con cargo á partida 241.470.*

- *Segundo.- A ampliación de crédito non implica a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo para resolver.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

- Ampliar a dotación orzamentaria asignada para a concesión das axudas económicas a conceder ao abeiro do Plan de Emprego Municipal, na súa anualidade de 2014, na contía de **8.810,00 euros**, con cargo á partida 241.470.
- A ampliación de crédito non implica a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo para resolver.

Non formulándose ningunha outra reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión anterior de 5 de xuño de 2014.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

B.1) SOLICITUDE DE D. BERNARDO GALDO FERNANDEZ RELATIVO A CAMBIO DE CUBERTA EN VIVENDA SITA EN VILACHÁ, 28 (PORTOCELO).

Vista solicitude formulada por D. Bernardo Galdo Fernández con D.N.I nº: 76.520.329-L con domicilio en Vilacha Nº 28.- (27877 Portocelo.-Xove), para realización de obras de cambio de cuberta na vivenda sita en Vilachá, 28 (Portocelo).

Referencia Catastral: 27025A057008250001KY / 27025A057008250000JT

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

- De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, e con proxecto técnico redactado pola arquitecto técnica, Dona Aroa Mayo Rodríguez colexiada nº 562, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como Solo De Núcleo Rural Area Tradicional, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de xullo de 2012.-Núcleo Rural de Vilachá.
- O inmovible da frente a un vial dependente da Diputación Provincial, se ben tendo en conta o apartado 2.2 da instrución 1/1998 de 24 de xullo, sobre a aplicación da Lei do Solo de Galicia no marco da nova Lei 6/1998, de 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións, publicada no D.O.G de 25/09/1998, en donde se manifesta que o solo de núcleo rural pode considerarse equivalente ao solo urbán e efectos do seu réxime xurídico básico, a concesión da licenza é de competencia municipal.
- Considerando que según establece o artigo 7 da Lei 8/2013 do 25 de xullo de Carreteras de Galicia en relación co disposto nos art. 37 e 38.4, do mesmo texto legal, e tendo en conta que o vixente PXOM foi sometido a informe da Deputación Provincial; non pe preciso informe de dito organismo para esta licenza en concreto.
- Na memoria do proxecto presentado, no seu apartado 1.2.4 correspondente a memoria urbanística, así como no plano de situación, xustifícase o cumprimento da Normativa do P.X.O.M e da LOUGA para a edificación na que se pretende substituír a súa cuberta.
- As obras que se pretenden, polo súa condición de obras de reparación, nin supoñerán aumento de volume nin afectarán a elementos estruturais da edificación agás os elementos sustentantes da cuberta.
- Respetarase ó primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no Artigo 29 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación. (LOUGA).
- A cuberta deberá ser de pizarra.
- O inmovible atópase ubicado nun entorno afectado polo Igrexario de Vilachá, dentro do catálogo de elementos a protexer ou recuperar. NUMERO DE BIC: 4. (Iglesia parroquial de San Tirso.Vilachá. Parroquia de Portocelo.

- Se ben as obras que se pretenden non varían a configuración do devandito inmoible, sendo única e exclusivamente, traballos de cambio da actual tella cerámica por pizarra, mais acorde co entorno no que se ubica, de acordo co previsto no artigo 401 do P.X.O.M, e de conformidade coas disposicións contidas na lei 8/95 de Patrimonio Cultural de Galicia (LPCG), artigo 44, a intervención en cada un dos Bens de Interés Cultural (BIC) e nos seus entornos de protección, declarados o incoados, deberá recabarse informe da Dirección Xeral de Patrimonio, previo a concesión de calquera licenza de obra a realizar en ditos entornos.
- Por parte da Xunta de Galicia, na súa Delegación territorial de Lugo, Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria infórmase favorablemente o expediente co a referencia ED-110280 e Nº Orde:52.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- As obras deberá atermos en toda a actuación que se pretende levar a cabo, ao previsto no artigo 395 do P.X.O.M en vigor deste concello e asemade ao previsto no artigo 292.- Normas complementarias nos núcleos afectados polo plan de ordenación do litoral como neste caso é o núcleo de Vilachá, identificado no POL como núcleo de identidade litoral.
- Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.
- Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, co obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o seu estado orixinario, e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, así como a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.

De acordo co exposto nos apartados anteriores, infórmase favorablemente a reposición de cuberta que e solicita.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 19.843,00 € salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 396,86 €.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.2) SOLICITUDE DE D. MODESTO SOTO DOMINGUEZ RELATIVO A CAMBIO DE CUBERTA DE VIVENDA SITA EN VILACHA Nº 48.-PORTOCELO.

Vista solicitude formulada por D. Modesto Soto Domínguez con D.N.I nº: 32.568.720-F con domicilio en Vilachá, 48 (27877 Portocelo), para realización de obras de cambio de cuberta de vivenda sita en Vilachá, 48 (Portocelo).

Ref.Cat.:27025A003002700001KS / 27025A003002700000JA

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

- De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, e con proxecto técnico redactado pola arquitecto técnica, Dona Aroa Mayo Rodríguez colexiada nº 562, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como Solo De Núcleo Rural Tradicional, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de xullo de 2012. Burgo de Vilachá.
- Na memoria do proxecto presentado, no seu apartado 1.2.4 correspondente a memoria urbanística, así como no plano de situación, xustifícase o cumprimento da Normativa do P.X.O.M e da LOUGA para a edificación na que se pretende substituír a súa cuberta.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- As obras que se pretenden, polo súa condición de obras de reparación, nin supoñerán aumento de volume nin afectarán a elementos estruturais da edificación agás os elementos sustentantes da cuberta.
- Respetarase ó primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no Artigo 29 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.
- A cuberta deberá ser de lousa de pizarra.
- Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.
- As obras deberá atermos en toda a actuación que se pretende levar a cabo, ao previsto no artigo 395 do P.X.O.M en vigor neste concello e asemade ao previsto no artigo 292.-Normas complementarias nos núcleos afectados polo plan de ordenación do litoral como neste caso é o núcleo de Vilachá, identificado no POL como núcleo de identidade litoral
- Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o seu estado orixinario, e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, así como a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.

A vista do anterior, infórmase favorablemente a licenza que se solicita.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 21.250,00 € sávo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 425,00 €.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.3) SOLICITUDE DE D^a LAURA VALE RODRIGUEZ RELATIVO A ACONDICIONAMENTO DE LOCAL EN PLANTA BAIXA CON DESTINO A TENDA DE ZAPATOS EN AVDA. DIPUTACIÓN, 55 (XOVE).

Vista solicitude formulada por D^a Laura Vale Rodríguez con D.N.I nº: 35.592.336-C con domicilio en c/ Tomás Mariño Pardo, 1 (27870 Xove), para realización de obras de acondicionamento de local en planta baixa en Avda. Diputación 55 (Xove) para tenda de zapatos.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

- De acordo coa documentación que se acompaña, subscrita polo interesado, así como ao correspondente plano de localización coa situación do local, e da Normativa en vigor, (P.X.O.M do Concello de Xove aprobado ó 12-06-2012 e publicado no B.O.P de fecha 14-07-2012), na área en que se encrava a edificación, cuia habilitación interior se pretende levar a cabo, a mesma, atópase encravada, no solo urbán de Xove, dentro da área delimitada como: Edificación Residencial entre medianeras. Ordenanza 2.(O-2).
- Na memoria valorada do proxecto presentado, asinado polo arquitecto técnico Don Tomás Rodríguez Rapa, colegiado nº 376, no seu apartado 1.2.3 *Cumprimento das Condicións urbanísticas*, xustifícase o cumprimento da Normativa para os arranxos que se pretenden levar a cabo e o posterior desenrolo da actividade prevista de tenda de zapatos.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- As obras que se pretenden, polo súa condición de obras de habilitación, non supoñerán aumento de volume nin afectarán a elementos estruturais orixinais da edificación, nas condicións establecidas no proxecto presentado.
- Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.
- No proxecto achegado, no seu apartado da memoria, xustifícase o cumprimento do Código técnico da edificación en desenvolvemento do preceptuado na lei de Ordenación da edificación no referente a:
 - Seguridade en caso de incendio (DB-SI)
 - Seguridade de utilización e accesibilidade.DB-SUA.
 - Salubridade. DB-HS.
 - Protección fronte a ruídos.DB-HR.
 - Cumprimento e xustificación do DB aforro de enerxía e aislamiento térmico. (DB-HE).
- En proxecto xustifícase o cumprimento das diferentes normativas afectas a este tipo de actividade.
- Unha vez finalizadas as obras e en condicións de ser utilizada a edificación, o promotor deberá solicitar a correspondente licenza de apertura da actividade.
- Unha vez finalizadas as obras é en condicións de ser utilizada a edificación, así como cumpridos os parámetros establecidos na licenza, deberase proceder a retirada dos elementos auxiliares, así como a reposición das zonas de dominio publico en perfecto estado, polas deterioracións que se puidesen ocasionar durante a realización dos traballos.
- De acordo cos apartados anteriores e a resultados do proxecto presentado, e tendo en conta que as obras que se solicitan, non inciden nas condicións urbanísticas aplicables a parcela e edificación encravada na mesma .

Infórmase favorablemente o proxecto presentado.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 3.708,15€.- €salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 74,16€.-

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.4) SOLICITUDE DE D. JOSE PERNAS RIVAS, RELATIVO A REALIZACIÓN DE PORCHE EXTERIOR EN VIVENDA SITA EN VENTOSELLE-RIGUEIRA.

Vista solicitude formulada por D. José Pernas Rivas con D.N.I nº: 77.591.968L con domicilio en Río do Xunco, 1 1º D (27880 Burela), para realización de obras de realización dun porche exterior en LG. de Ventoselle.-Rigueira.-Xove.-Polígono 77 Parcela 191.- Ref.Catastral:27025A077001910001KK y 27025A077001910000JJ

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

- De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, e con proxecto técnico redactado pola arquitecto técnica, Dona Aroa Mayo Rodríguez colexiada nº 562, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como Solo de Núcleo Rural Tradicional, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de xullo de 2012. Burgo de Ventoselle.-A Rigueira.
- Na memoria do proxecto presentado, no seu apartado 1.2.4 correspondente a memoria urbanística, así como no plano de situación, xustifícase o cumprimento da Normativa do P.X.O.M e da LOUGA para a realización do porche exterior que se pretende.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- Respetarase ó primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de ampliación, ao previsto no Artigo 29 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.
- A cuberta deberá ser de lousa de pizarra.
- Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.
- Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o seu estado orixinario , e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, así como a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.

A vista do anterior, infórmase favorablemente a licenza que se solicita.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo

pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 3.967,27 € salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 79,35 €.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.5) SOLICITUDE DE R-CABLE E TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A RELATIVO A ACOMETIDA NO POLIGONO INDUSTRIAL DE CAMBA.

Vista solicitude formulada por D. Julio Sánchez Agrelo en representación de R-Cable e Telecomunicaciones Galicia S.A. con C.I.F. nº A-15474281 con domicilio en Real, 85 (15003 A Coruña), para realización de obras de acometida ó Polígono Industrial de Camba (Xuances).

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

- De acordo coa situación das obras e as instalacións que se pretenden e con independencia dos permisos e informes que procedan doutras administracións, se pode informar favorablemente as instalacións que se pretenden.
- Co presente solicitude, achégase informa favorable da Xunta de Galicia. Consellería de medio Ambiente, Territorio e infraestruturas.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- Previo ao inicio das obras se deberá solicitar a presenza dos servizos técnicos municipais para efectuar a correspondentes comprobacións técnicas do adecúo das obras a licenza outorgada.
- Durante a realización dos traballos, deberase estar perfectamente valado o ámbito das obras, coas sinalizacións correspondentes, así como a disposición de luces de sinalización en horas nocturnas.
- As obras dispondrán do correspondente Seguro de Responsabilidade civil. O ámbito do área afectada polos traballos, de dependencia municipal, deberá quedar perfectamente limpo unha vez finalizados os mesmos.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 989,82€.- salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 19,80€.-.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 2 meses e 1 ano para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

C) CONTAS E FACTURAS

Neste punto non se adoptou ningún acordo.

C) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) AXUDA DE GANDERÍA A D^a MANUELA EIJO BALSEIRO.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Manuela Eijo Balseiro con D.N.I. nº 33.836.075-Q , con domicilio en C/ Acceso Apeadero, 18 2º C (27870 Xove) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00 €.

D.2) AXUDA DE GANDERÍA A D^a MARIA JOSEFA COUSO GARCIA.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a María Josefa Couso García con D.N.I. nº 10.792.753-A , con domicilio en Loureiro, 2 (27879 Monte) por aborto de un xato, por importe de 60,00 €.

D.3) AXUDA DE GANDERÍA A D. JOSÉ MANUEL RUBIÑOS MARTINEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. José Manuel Rubiños Martinez con D.N.I. nº 33.839.712-L, con domicilio en Poceiras, 3 (27878 Sumoas) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00 €.

D.4) APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO TORNEO DE PADEL ” SAN BARTOLO 2014”

Por Secretaría dáse conta da convocatoria e bases do próximo Torneo de Padel San Bartolo 2014, que se transcriben de seguido:

BASES REGULADORAS DO TORNEO DE PADEL “SAN BARTOLO”

O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de incentivar a práctica de actividade física e o deporte así como a participación cidadá nos torneos que se realicen ao efecto, establece as normas reguladoras de participación, as axudas económicas e dos premios que se outorgarán aos participantes no Torneo de Padel, de acordo coas seguintes

BASES

PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO. - *Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do Torneo de padel “San Bartolo”, organizado polo Concello de Xove.*

SEGUNDA.- CATEGORÍAS, PARTICIPANTES E INSCRICIÓNS.

O Torneo de Padel terá dúas modalidades independentes, categoría Open e categoría Sub-15.

*→ Na categoría **Open**, poderá participar calquera persoa que teña máis de 15 anos. Á súa vez, esta categoría dividirase en:*

- *Open Feminina A*
- *Open Feminina B*
- *Open Masculina A*

- Open Masculina B
- Open Masculina C
- Open Mixta.

→ Na categoría **Sub-15**, poderá participar calquera persoa que teña 15 anos ou menos.

É obrigación das parellas inscritas que o seu nivel se axuste ao destinado en cada categoría. A organización terá potestade para desestimar a participación no Torneo das parellas ou xogadores que non se axusten aos niveis establecidos para as diferentes categorías e que aparecerán reflectidas nas normas do Torneo.

Cada categoría deberá ter un mínimo de 6 parellas inscritas. No caso de non alcanzar esa cifra, a organización poderá reasignar a ditas parellas, previa aceptación das mesmas, noutras categorías.

→ A **documentación** a presentar será a seguinte:

- Ficha de inscrición establecida ao efecto.

TERCEIRA.- NORMAS DO TORNEO.

- Cada categoría estará dividida en grupos que disputarán unha Liguilla con un mínimo de tres partidos cada unha.

- Ao remate de cada Liguilla os dous primeiros clasificados de cada grupo pasarán ás rondas eliminatorias da súa categoría.

- Os partidos na fase previa de grupos disputaranse ao primeiro que gañe dous sets, cunha duración aproximada dunha hora. En caso de empate a un set decidirase o campión nun tie-break a 11 puntos.

- As semifinais e final de cada categoría disputaranse ao mellor de tres sets, con tie-break ao mellor a 7 puntos en caso de empate a 6 xogos en cada set.

No caso de acumularse un retraso no calendario de competición, é potestade da organización modificar lixeiramente o formato da competición a fin de lograr o remate do torneo no horario establecido.

Horarios e cuadro de competición.

Os horarios e o cuadro de competición serán publicados na páxina web do Concello de Xove, e expostos fisicamente no taboleiro da piscina o día posterior ao estipulado como data límite de inscrición.

A organización resérvase o dereito a modificar os horarios para adaptalos á dispoñibilidade das parellas participantes. No caso de calquera modificación sobre o horario previsto que afecte a un partido, os participantes implicados serán notificados de forma telefónica ou persoalmente durante a competición con tempo de antelación suficiente para presentarse (ao inicio do partido previo) ao seu partido. De non haber acordo entre as parellas rivais, os partidos disputaranse en base ao calendario oficial publicado previamente ao torneo.

Cada partido contará con 5 minutos regramentarios de peloteo o quecemento. En caso de que una parella no se presentara na hora correspondente ao partido concederanse 10 minutos de cortesía; pasado ese tempo darase W.O á parella non presentada, que perderá o partido. Se a parella se presenta entre os minutos 1 e 5 de espera, perderá o dereito ao peloteo correspondente ao seu retraso. No caso de presentarse entre os minutos 6 e 10 no poderán disputar peloteo.

Lesións e incomparencias

Se durante o desenrolo da competición resultara probada a lesión dun xogador, a súa parella poderá presentar un substituto ao comezo do seguinte partido.

Se a lesión se produce durante o desenrolo dun partido, o xogador lesionado contará con 10 minutos para volver ao partido, ou 20 (a partir da notificación da lesión) para buscar un substituto. Se o xogador lesionado non puidera reincorporarse á competición no seguinte partido, permitirase a participación definitiva do xogador substituto durante o resto da competición, pasando a considerarse como xogador titular do equipo.

En todos os casos, o substituto deberá ser de igual ou semellante nivel ao do xogador lesionado, non estando permitida a participación a tal efecto doutro xogador que siga na competición.

Non está permitida mais que una substitución por lesión nunha parella en toda a competición.

No caso de non encontrarse xogador substituto ou de producirse outra lesión na parella que impida a participación da mesma, consideraranse perdidos todos os xogos que lle resten por xogar na competición dende o momento da lesión.

Calquera parella da competición pode reclamar á organización que o xogador substituto dunha parella rival é dun nivel sensiblemente superior ao do xogador lesionado. Nese caso, será potestade da organización o estudio do caso e a posible eliminación da parella infractora.

Penalizacións

- *Chegar mais de 10 minutos tarde a un partido. Perda dun set.*
- *Chegar mais de 20 minutos tarde a un partido. Perda do partido. Non presentarse a un partido e non avisar. Eliminación do torneo. Non respectar as normas de xogo limpo. Eliminación do torneo.*
- *Cambiar de parella durante a etapa. Eliminación do torneo, salvo xustificación válida, avaliada previamente polos organizadores .*
- *Mal comportamento nas instalacións. Eliminación do torneo.*
- *A organización poderá eliminar do torneo a aqueles xogadores que non cumpran coas normas de civismo ou por calquera outro motivo que prexudique ao desenrolo do evento e ao respecto polas persoas e instalacións.*
- *A organización poderá eliminar do torneo a aqueles xogadores que se considere que cometeron irregularidades durante o proceso de inscrición, especialmente no relevante á asignación de nivel de cada un dos membros da parella.*

Arbitraxe

O torneo desenvolverase baixo as normas do regulamento da RFEP.

Os xogadores implicados na disputa dos partidos responsabilizaranse do arbitraxe dos mesmos, sendo imprescindible que no caso de suspensión do encontro ou incidencias do mesmo, estas sexan comunicadas á organización. No caso de algún problema na arbitraxe, os membros da organización terán potestade para intervir.

O torneo desenrolarase baixo o expresado no regulamento de padel oficial vixente.

CUARTA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía máxima destinada aos presentes premios é de 1.000 euros € (partida 341.481 do Estado de Gastos do Municipal).

QUINTA.- PREMIOS

Haberá dous premios (primeiro, segundo) por cada categoría e subcategorías para cada un dos integrantes da parella.

Os premios consistirán en lotes de material deportivo. A organización poderá deixar deserto calquera dos premios, se así o considera oportuno por falta de inscrición nalgunha das categorías.

O orzamento total destinado aos presentes premios poderá ser dividido entre o resto de premios no caso de que algunha categoría quedara deserta co que o importe de cada lote de premios será variable en función do número de participantes.

SEXTA.- PROCEDIMIENTO DE ENTREGA DE PREMIOS

Unha vez rematado o torneo, o último día de competición procederase á entrega de premios segundo as clasificacións en cada categoría.

Pola súa consideración de premio en especie, o establecemento ou establecementos comerciais nos que se adquiran os lotes de material deportivo, deberá emitir factura a nome

do beneficiario do premio ou do seu titor legal. Non obstante dita factura será abonada polo Concello.

SÉTIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A presentación da ficha de inscrición supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

DISPOSICIÓN FINAL .- As presentes Bases permanecerán en vigor para os vindeiros exercicios en tanto en canto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS DO TORNEO DE PADEL “SAN BARTOLO 2014” EN CATEGORÍA OPEN.

O Concello de Xove, dentro do marco das competencias que ten atribuídas pola lexislación vixente ten como obxectivo incentivar a práctica de actividade física e deporte así como potenciar a participación cidadá no Torneo de Padel “San Bartolo”, e realiza para tal fin a convocatoria de premios, coas seguintes especificacións:

1.- Entidade adxudicadora

a.- Organismo: Xunta de Goberno Local do Concello de Xove

b.- Departamento que tramita o expediente: Concellería de Deporte

2.- Obxecto .- Concesión de premios do Torneo de Padel “Concello de Xove” organizado polo Concello de Xove durante o mes de Agosto, na categoría de **Open**.

3.- Orzamento e tramitación anticipada do gasto.- A contía máxima prevista destinada aos presentes premios é de 1.000,00 €, con cargo á partida 341.481 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal.

4.- Contía dos premios .- Haberá dous premios (primeiro, segundo) por cada categoría e subcategorías para cada un dos integrantes da parella.

Os premios consistirán en lotes de material deportivo. A organización poderá deixar deserto calquera dos premios, se así o considera oportuno por falta de inscrición nalgunha das categorías.

O orzamento total destinado ao presentes premios poderá ser dividido entre o resto de premios no caso de que algunha categoría quedara deserta co que o importe de cada lote de premios será variable en función do número de participantes.

De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

5.- Requisitos dos participantes e desenvolvemento do torneo

→ Na categoría **Open**, poderá participar calquera persoa que teña máis de 15 anos. Á súa vez, esta categoría dividirase en:

- Open Feminina A
- Open Feminina B
- Open Masculina A
- Open Masculina B
- Open Masculina C
- Open Mixta.

É obrigación das parellas inscritas que o seu nivel se axuste ao destinado en cada categoría. A organización terá potestade para desestimar a participación no Torneo das

parellas ou xogadores que non se axusten aos niveis establecidos para as diferentes categorías e que aparecerán reflectidas nas normas do Torneo.

Cada categoría deberá ter un mínimo de 6 parellas inscritas. No caso de non alcanzar esa cifra, a organización poderá reasignar a ditas parellas, previa aceptación das mesmas, noutras categorías.

A documentación a presentar será a seguinte:

-Ficha de inscrición establecida ao efecto que estará a disposición do interesado no Rexistro de Entrada Municipal ata o día 30 de xullo.

Os emparellamentos serán comunicados o día 31 de xullo ao correo electrónico facilitado na ficha de inscrición .

O torneo comenza o día 1 de agosto. Calquera incidencia ou cambio que puidera xurdir durante o desenvolvemento do torneo será comunicada por correo electrónico.

As instalacións permanecerán abertas no horario que a tal efecto establece o Regulamento de Utilización e Funcionamento da pista de Padel municipal.

6.- Procedemento de entrega de premios

Unha vez rematado o torneo, o último día de competición procederase á entrega de premios segundo as clasificacións en cada categoría.

Pola súa consideración de premio en especie, o establecemento ou establecementos comerciais nos que se adquiran os lotes de material deportivo, deberá emitir factura a nome do beneficiario do premio ou do seu titor legal. Non obstante dita factura será abonada polo Concello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

- 1º.- Aprobación das bases reguladoras da concesión de premios do Torneo de Pádel San Bartolo, así como a convocatoria para o exercicio 2014.
- 2º.- Autorizar o gasto de 1.000,00 euros con cargo á partida 341.481 do Estado de Gastos para o exercicio de 2014.
- 3º.- Ordear a súa publicación na páxina web municipal e mediante anuncios no taboleiro de anuncios do concello ou calquera outro medio.

D.5) APROBACIÓN DE CONVOCATORIA DE AXUDAS Ó ESTUDO. MODALIDADES DE TRANSPORTE E COMEDOR PARA 2013-2014.

Por Secretaría dáse conta á Xunta de Goberno Local da nova convocatoria das axudas ó estudo nas modalidades de transporte-comedor para o curso 2013-2014 que se transcribe a continuación:

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DE AXUDAS AO ESTUDO DO CONCELLO DE XOVE, NAS MODALIDADES DE COMEDOR E TRANSPORTE PARA O CURSO 2013-2014

1.- Entidade adxudicadora

a.- Organismo: Xunta de Goberno Local do Concello de Xove

b.- Departamento que tramita o expediente: Departamento de Servizos Sociais

2.- Obxecto

Concesión de bolsas e axudas para comedor e transporte para o curso escolar 2013-2014 segundo as Bases aprobadas na Xunta de Goberno Local de 2 de xullo de 2.013

3.- Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios das axudas, aquelas persoas que, reunindo os requisitos que existen as Bases reguladoras da concesión de bolsas e axudas ao estudo, cursen estudos en ciclos formativos existentes en San Cibrao, Viveiro ou Burela, en concepto de desprazamento ou transporte; así como aqueles outros estudantes que precisen comer fóra de Xove a causa dos seus estudos

4.- Forma de adjudicación da concesión da subvención: Concorrenza non competitiva. Esta convocatoria tramitarase polo procedemento establecido no artigo 19.2º da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, tendo en conta que, polo obxecto e finalidade das axudas non será necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

Ao tratarse de un procedemento administrativo que non leva aparelado o esgotamento do crédito nun só acto de concesión senon que a súa disposición se realiza en actos sucesivos, e tal e como dispón o artigo 31.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no momento do esgotamento da partida orzamentaria asignada non poderán admitirse posteriores solicitudes destinadas a participar del, salvo que se recorra a un incremento do crédito orzamentario ou se recorra a unha nova convocatoria, do xeito establecido no artigo 31.2 da lei anterior.

5.- Orzamento .-A contía prevista para esta actuación na presente convocatoria é 4.500 euros con cargo á aplicación 324.481 do orzamento do presente ano 2013.

6.- Contía das axudas.-Concello de Xove abonará as axudas ás persoas solicitantes que reúnan os requisitos previstos nestas bases por alumno ou alumna segundo a renda per cápita familiar (englobando os ingresos de todos os membros da unidade de convivencia) que consta na declaración do Imposto Sobre a Renda das Persoas Físicas presentada no ano da solicitude.

As dotacións das bolsas son as seguintes:

1.-Axudas de transporte para ciclos formativos existentes en san Cibrao, Viveiro ou Burela: 300,00 euros cada unha

2.- Axudas de comedor para estudantes que precisen comer fóra de Xove a causa dos seus estudos: 240,00 euros cada unha

7.- Gastos subvencionables

Son subvencionables os gastos nos que se incurre pola realización dos estudos a que se fai referencia no punto 3 da presente convocatoria.

8.- Presentación de solicitudes de subvención

a) *Data límite de presentación de solicitudes:*

O prazo de presentación das solicitudes será de 11 días hábiles contados a partir do 23 de xuño, entendéndose como último día hábil para a presentación de solicitudes o Luns, día 11 de xullo de 2014. Este prazo poderá ser prorrogado, excepcionalmente por Resolución motivada do Sr. Alcalde-Presidente, sin que en ningún caso a duración de dita prórroga poida exceder de 10 días.

b) **Documentación a presentar: impreso oficial completo acompañado da documentación esixida nas bases reguladoras da presente convocatoria.**

c) **Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Xove. Camiño Real, s/n; 27880, Xove (Lugo)**

Asímesmo, tamén poderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordo co previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

9.- Resolución do procedemento: Xunta de Goberno Local, previo informe-proposta do Departamento de Servizos Sociais.

10.- Xustificación e pagamento

O pago das bolsas e axudas realizarase mediante cheque ou transferencia bancaria, en función das disponibilidades da tesourería municipal, unha vez que a Xunta de Goberno Local adopte acordo aprobatorio da concesión das mesmas.

Será requisito indispensable para o libramento da axuda aportar a seguinte documentación:

- Certificado acreditativo de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Xove*
- Declaración doutras axudas obtidas para a mesma finalidade, no modelo normalizado*
- Certificación expedida pola entidade bancaria no que conste o número de conta e titular da mesma*
- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos, obrigas e condicións necesarias para a obtención da bolsa, no modelo normalizado.*

11.- Obrigas dos beneficiarios da subvención

Son obrigas dos beneficiarios de bolsas ou axudas ao estudo as seguintes:

- 1.- Consignar fielmente a documentación e os datos esixidos nas presentes Bases*
- 2.- Destinar a axuda á finalidade para a que se concede.*
- 3.- Non ocultar calquera fonte de renda, o que poderá dar lugar á denegación da bolsa ou axuda solicitada.*
- 4.- De revogarse a concesión dunha axuda, o beneficiario estará na obriga de reintegrar as cantidades recibidas*
- 5.- A presentación da solicitude obriga ó solicitante á aceptación das Bases que rexen o procedemento*
- 6.- Someterse ás actuacións de comprobación que, en relación coas axudas concedidas, se practiquen polo órgano concedente.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

- 1º.- Proceder á convocatoria pública de axudas ao estudo nas modalidades de comedor e transporte para o curso 2013-2014, de acordo coas Bases regulamentadoras aprobadas na sesión da Xunta de Goberno Local de 2/7/2013.
- 3º.- Autorizar o gasto de 4.500,00 € con cargo á partida 324.481 do Estado de Gastos para o exercicio de 2014.
- 4º.- Ordear a súa publicación na páxina web municipal e mediante anuncios no taboleiro de anuncios do concello ou calquera outro medio.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as trece horas, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.